

## RELIXIÓN

Hai xa varios cursos que as profesoras de relixións pasamos á nova situación en que temos comités de empresa específicos.

Cremos que é o momento de facer unha valoración da situación á que nos levaron todas as organizacións sindicais agás a nosa, xa que vemos as derivas actuais desta situación con moita preocupación.

Neste informaTE explicaremos, de xeito resumido, algúns conceptos que debes coñecer porque falan da túa representatividade como traballadora diante da Administración, aínda que penses que todo isto «dos sindicatos» é alleo a ti.

### Que son as delegadas de persoal?

As persoas delegadas de persoal son as que saen elixidas das votacións nas eleccións sindicais. A súa función é moi importante porque representan o conxunto do cadro de persoal diante da Administración.

### Que son os comités de empresa?

Os comités de empresa asumen a representación das persoas traballadoras de calquera colectivo laboral. Están formados polas delegadas e delegados de persoal escollidos nas eleccións sindicais.

### Por que hai un comité de empresa específico de profesorado de relixións? Foi sempre así?

A motivación manifesta dos sindicatos que nos levaron a esta situación foi a elaboración dun convenio específico para o profesorado de relixións. Como sabedes, pasaron ao redor de seis anos e aínda non temos ese famoso convenio, aínda que os sindicatos que falaban das súas bondades teñen maioría en todos os comités de empresa.

A nosa situación non foi sempre esta. Antes tiñamos delegadas de persoal no comité de empresa que representa a todo o persoal laboral da Xunta de Galicia. Foron anos moi frutíferos dende o punto de vista laboral e acadáronse todas as melloras que na actualidade atanguen ao colectivo.

Non contamos cunha soa mellora laboral salientable dende que estamos nos comités de empresa propios.

### Que é un convenio colectivo?

Un convenio colectivo é o acordo alcanzado entre a representación das traballadoras e as empresarias (no noso caso, a Administración) para a regulación das condicións de emprego e traballo.

## RELIXIÓN

**Que está pasando nos comités neste momento?**

Seis anos despois da formación dos comités de empresa específicos para o profesorado de relixións, non vemos movementos de ningún tipo na elaboración dun convenio para o profesorado de relixións, malia que as organizacións sindicais que a urxían teñen maioría nos comités de empresa. Ademais, manifestan claramente que ese convenio propio non sería conveniente nestes momentos, como CCOO leva dicindo dende o principio e polo que foi fortemente criticado.

Vemos unha absoluta inoperatividade e, o que é peor, cada vez menos ganas de reunirse por parte das outras organizacións sindicais nos comités de empresa. Nas diferentes provincias suspendeuse a celebración de reunións por falta de propostas e téndese a ter unha única reunión por trimestre.

O voto en contra ou a abstención de todas as organizacións sindicais ante a nosa proposta de lle solicitar á Administración a apertura do concurso de traslados é a gota que reborda o vaso. Este debería ser anual e coincidir co concurso do resto de docentes, tal e como aparece reflectido na *Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se convoca concurso de traslados entre profesorado de relixión que presta servizos nos centros educativos dependentes desta Consellería*.

**A nosa preocupación**

De sempre defendemos que os nosos dereitos e obrigas como traballadoras do ensino non fosen distintos dos do resto de compañeiras de claustro, e por iso opuxémonos á tendencia de negociar convenios só de profesorado de relixións. Noutros territorios do Estado onde estes existen, afondouse máis na distinción entre profesorado de relixións e resto do persoal docente. Non hai nin un só convenio específico que iguale ou mellore as condicións laborais que tiñamos en Galicia antes de comezar esta viaxe.

As delegadas de CCOO de relixións seguiremos propoñendo o que o profesorado de relixións demanda no eido laboral, que é a función primordial dun sindicato de clase como o noso.

**Ponte en contacto con nós se queres que a túa voz se escoite nos Comités:**

Francisco Xabier Salgado Couselo

690 093 427

xsalgado-apg@galicia.ccoo.es

Rubén Torres Campelo

618 738 503

rubentorres@galicia.ccoo.es